



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

## **ANUNCIO**

Por Resolución da Alcaldía núm. 633/2022 de 26 de maio, aprobáronse as bases e a convocatoria de proceso selectivo de elaboración dunha bolsa de traballo para a contratación de persoal laboral temporal a xornada completa para a brigada de incendios 2022, financiada pola Consellería de Medio Rural

### **CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORANDA COMPLETA PARA A BRIGADA DE INCENDIOS, ANUALIDADE 2022**

#### **1 Obxecto da convocatoria**

Ten por obxecto esta convocatoria a aprobación das bases para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal a xornada completa para a brigada de incendios 2022, mediante calquera das modalidades de contratación previstas no Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, (BOE núm. 313, de 30 de decembro de 2021). A xornada será de luns a domingo cos descansos que establece a lei. A duración do contrato esta prevista que sexa de tres meses, e as datas de inicio e de finalización dos contratos serán establecidos na resolución da contratación.

Cada brigada estará composta por 1 capataz, 1 condutor e 3 peóns. Para proceder á contratación do persoal debe de existir persoal suficiente para a creación de cada brigada. De forma excepcional e por causas xustificadas, esta composición poderá modificarse.

Así mesmo, esta convocatoria está vinculada á sinatura do convenio interadministrativo entre o Concello de Muros e a Consellería de Medio Rural para accións de prevención e defensa contra incendios forestais 2022, quedado este proceso suspendido de inmediato no caso de non asinar o citado convenio, ou se modifique o importe previsto na solicitude de participación no mesmo.

#### **2 Características dos postos**

Área de subscrición: Seguridade

- Denominación dos posto: Capataz forestal

Prazas: 2

Duración: 3 meses

Grupo: III



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Soldo: 1.606,50 € por todos os conceptos

- Denominación dos posto: Peón condutor

Prazas: 2

Duración: 3 meses

Grupo: V

Soldo: 1.306,67 € por todos os conceptos

- Denominación dos posto: Peón

Prazas: 6

Duración: 3 meses

Grupo: V

Soldo: 1.271,67 € por todos os conceptos

Modalidade contractual: Calquera das previstas no RD 32/2021

Titulación: Certificación de estudos segundo o previsto no punto 4 g).

Outros coñecementos: CELGA 4 para a praza de capataz e CELGA 1 para a de peón.

Cometido funcional: As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias dos postos de traballo nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio asinado coa Consellería de Medio Rural, consistentes na realización, por parte de todos os membros da brigada, de tarefas de limpeza de masa forestal e extinción de incendios forestais. Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo. O horario de traballo será de 8/ horas ao día en quendas rotativas de mañá, tarde e noite.

### **3 Sistema de selección**

O sistema de selección será de concurso-oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 8 destas bases.

### **4 Requisitos das persoas aspirantes**

Para poder formar parte desta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:



## **CONCELLO DE MUROS**

(A Coruña)

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), permita o acceso ao emprego público.

b) Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

No caso de persoal laboral, non ter sido separada mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

c) Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas. (os/as aspirantes seleccionados deberán presentar antes da formalización do contrato informe médico segundo o previsto no punto 9 destas bases, en caso contrario quedarán excluídos do proceso selectivo)

e) Estar en posesión do CELGA 4 ou CELGA 1 segundo ás prazas as que se opte, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A acreditación da competencia en lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao sistema de certificación de lingua galega (CELGA), actualmente vixente, ou ás súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).



## **CONCELLO DE MUROS** (A Coruña)

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia da en lingua galega (CELGA 4 ou CELGA 1, ou equivalente), ou que non estean en condición de acreditada documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega, de conformidade ao previsto no punto 8 destas bases, e que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.

g) Titulación requirida:

- Para a praza de peón condutor e peón é requisito imprescindible estar en posesión do certificado de escolaridade, equivalente ou superior.
- Para a praza de capataz é requisito imprescindible estar en posesión da titulación de enxeñeiro/a de montes, enxeñeiro/a técnico forestal, técnico/a superior en xestión de organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico/a en traballos forestais e conservación do medio natural, ou equivalente.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral temporal, no seu caso.

### **5 Forma e prazo de presentación de instancias**

As solicitudes/instancias para formar parte do proceso selectivo (Anexo II) presentaranse preferentemente pola sede electrónica do Concello de Muros ([sede.muros.gal](http://sede.muros.gal)), no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no BOP da Coruña. Se o último día fose inhábil, entenderase prorrogado ao seguinte primeiro día hábil.

Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 9.00 a 14.00 h), ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste último caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia ao enderezo electrónico: [notifica@muros.gal](mailto:notifica@muros.gal), durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. En caso contrario, quedarán excluídas do proceso selectivo.

As persoas aspirantes poderán obter copia do Anexo II (modelo de solicitude) no Rexistro xeral do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros ([sede.muros.gal](http://sede.muros.gal)).



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Xunto coa solicitude/instancia (Anexo II asinado), as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI
- b) Carné de conducir
- a) Certificado de estudos segundo o previsto no punto 4 g)
- b) Certificado de galego segundo o previsto no punto 4 e)
- c) Declaración responsable de que cumpre as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para a realización da proba práctica prevista nestas bases (Anexo II).
- d) Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos no apartado 4 (Anexo II).
- e) Declaración responsable de que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndose a presentar os orixinais no caso de que lle sexa requiridos (Anexo II).
- f) Autorización ao Concello de Muros do uso dos datos e da documentación presentada para os fins precisos en relación a este procedemento, así como a cesión da mesma aos organismos públicos que correspondan a efectos de xustificar a subvención que financia esta contratación (Anexo II)
- g) Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Non se valorarán os méritos que non estean debidamente presentados dentro do prazo de presentación de instancias. A experiencia laboral acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.
- h) As persoas con necesidades especiais deberán facelo constar nas súas instancias, sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de persoa con discapacidade acreditarase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente.

As persoas aspirantes que se presenten a máis dunha praza, só deberán presentar a documentación común nunha soa instancia, debendo presentar un só anexo II especificando as prazas ás que optan.

**6 Admisión das persoas aspirantes**



## **CONCELLO DE MUROS** (A Coruña)

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (sede.muros.gal), indicárase as iniciais e o DNI codificado das persoas admitidas e excluídas, coas causas da exclusión, concedendo un prazo de dous días hábiles para a corrección da documentación necesaria para participar no proceso.

Nesta mesma resolución publicarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citarán para a súa primeira sesión (constitutiva) así como para o inicio do proceso selectivo.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

No caso de que non existan persoas excluídas, publicarase unicamente a lista definitiva de admitidos/as

### **7 Tribunal cualificador**

O Tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade e paridade entre homes e mulleres, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), estará conformado por unha Presidencia, unha Secretaría e tres Vogalías con titulación igual ou superior ao requirido para o postos de traballo que se pretende cubrir.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a.

De todas as reunións que celebre o tribunal, a secretaría do tribunal redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das administracións públicas. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran estas circunstancias.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nelas (obtido, no seu caso, a emisión de



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

informe e/ou opinión especializada por parte das asesorías que, ao efecto, poidan ter sido requiridos)

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, clasificaranse consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e normativa concordante e/ou substitutiva).

En todo o non previsto nestas bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

## **8 Procedemento selectivo**

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

Os exercicios da fase oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio.

As persoas aspirantes terán un prazo de dous días dende a publicación dos acordos do tribunal para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal e máscara.

O tribunal publicará todos os acordos no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros. O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 22 puntos, que se desenvolverá como se detalla a continuación:

### **A. Fase de oposición, ata un máximo de 16 puntos**

#### **a) Primeiro exercicio, apto ou non apto**

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. A proba consistirá en camiñar 3.200 m sobre terreo chan ou con pouco desnivel e cun peso de 11 Kg ás costas nun tempo máximo de 30 minutos. A cualificación será de APTO ou NON APTO.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

As persoas deberán vir provistas de zapatillas de deporte e **dunha mochila cargada co peso indicado**. Non está permitido correr durante a realización da proba. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítese levar líquidos para a hidratación.

**b) Segundo exercicio, ata un máximo de 10 puntos**

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 5 puntos para superalo. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases nun tempo máximo de 20 minutos. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos, mentres que as erradas restarán 0,1 puntos.

Só realizarán este exercicio as persoas que obteñan a cualificación de APTO no primeiro exercicio.

**c) Terceiro exercicio, ata un máximo de 6 puntos**

Consistirá na realización dunha proba/entrevista co fin de demostrar a capacidade da persoa aspirante para realizar os traballos relacionados co posto. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 3 puntos para superalo. O tempo de realización será dun máximo de 20 minutos.

O tribunal determinará cal é o número de coñecementos necesarios para alcanzar os 3 puntos.

**d) Cuarto exercicio, apto ou non apto**

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 1 ou CELGA 4 ou equivalente segundo a praza a que opte) terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en lingua galega, antes do inicio da fase de oposición. O Servizo de Normalización Lingüística municipal asesorará ao tribunal e colaborará na confección e corrección da correspondente proba.

A proba determinaraa o tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 1 e CELGA 4.

Esta proba será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados do proceso selectivo aquelas persoas que non acaden a cualificación de apta, dado que non cumprirían o requisito esixido no punto 4.e) destas bases.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Unicamente se publicarán as cualificacións das persoas que superaron cada proba, o que se fará mediante anuncio no taboleiro de Muros, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, dispoñendo dun prazo de dous días hábiles dende a súa publicación para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

**B.- Fase de concurso de méritos, ata un máximo de 6 puntos**

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

**a) Por servizos prestados en prazas iguais ou de semellante función, máximo de 4 puntos**

A experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo de semellantes características, puntuarase con 0,70 puntos por mes de servizo ata un máximo de 4 puntos.

**Forma de acreditación dos servizos:** Fotocopia compulsada do contrato de traballo e certificación de vida laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e as funcións desempeñadas. Non se computarán os servizos que se prestan simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial. No caso de que a relación fose funcional, deberán acreditarse os servizos mediante o nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Se os servizos derivan dunha actividade por conta propia acompañarase obrigatoriamente a copia do contrato de servizo que dera lugar a experiencia alegada e a alta no réxime correspondente. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e a función desempeñada. Non se valorarán as actividades por conta propia nas que non se achegue esta documentación. Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír ao contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e toma de posesión.

A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, a documentación que se presente fóra deste prazo será considerada achega de nova documentación fóra de prazo e non se terá en conta.

A experiencia laboral no Concello de Muros será acreditada polo propio concello previa declaración dos servizos prestados.

**b) Experiencia en operativos de seguridade, ata un máximo de 1 puntos**



## **CONCELLO DE MUROS** (A Coruña)

Por ser membro da agrupación de Protección Civil e participar en polo menos cinco operativos no ano 2021, 1 punto (acreditarase mediante informe do xefe de Protección Civil), ou estar en posesión do ciclo formativo de grao medio de técnico en emerxencias e protección civil.

### **b) Formación relacionada co posto, ata un máximo de 1 puntos**

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas relacionadas co posto de traballo.

- Cursos de máis de 500 h: 1,50 puntos
- Cursos de 300 a 499 h: 1,00 puntos
- Cursos de 100 a 299 h: 0.50 puntos
- Cursos de 15 a 49 h: 0,25 puntos

## **9 Resolución e creación da bolsa de traballo**

A puntuación final obterase sumando as puntuacións acadadas en cada fase do proceso selectivo. No caso de empate na puntuación final, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a obtención da nota máis alta no segundo exercicio. Se continua o empate optarase pola persoa aspirante de menor idade.

O tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello ([sede.muros.gal](http://sede.muros.gal)), establecendo un prazo de dous días hábiles para reclamacións.

Unha vez asinado o convenio, e establecido o persoal que formara parte das brigadas de incendios, convocarase telefonicamente aos aspirantes a contratar por orde decrecente para que no prazo máximo de 5 días presenten o certificado médico que verifique a súa capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo de xefe de brigada, peón/peoa ou peón/peoa condutor/a de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, segundo sexa o caso

No caso de que algunha das persoas aspirantes non presente o certificado médico no prazo indicado, ou este sexa negativo, quedara excluída do proceso.

Unha vez que os candidatos presenten a documentación sinalada, procederase a súa contratación. Se a persoa candidata rexeita a contratación pasará ao último posto da lista. O chamamento farase sempre empezado pola primeira persoa dispoñible da lista. Así mesmo, unha vez asinado o contrato deberán superar un curso teórico-práctico de formación sobre



## **CONCELLO DE MUROS** (A Coruña)

prevención e defensa contra os incendios forestais, en caso contrario, rescindirase a súa relación laboral co Concello de Muros

As persoas integrantes da bolsa de emprego non perderán a orde de pre relación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se o nomeamento para as persoas que son chamadas finaliza, volverán ao posto que tiñan na lista.

Unha vez aceptada por parte das persoas candidatas seleccionadas o posto de traballo, as novas substitucións deberán fundamentarse nos supostos de renuncia, licenzas ou baixas por IT, o que condicionará a modalidade de contratación.

### **10 Incidencias**

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

### **11 Normativa aplicable**

O proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

### **12 Datos de carácter persoal**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Muros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do concello de Muros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos art. 11 e ss. da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

**13 Recursos**

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os prazos contaránse desde o día seguinte á publicación da resolución.

Si se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao contencioso-administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

**ANEXO I. TEMARIO**

Tema 1. Conceptos xerais sobre incendios forestais. Física do lume, fases da combustión. O comportamento dos lumes forestais.

Tema 2. Tipos de incendios e técnicas de extinción. Tipos de ataque.

Tema 3. Ferramentas de loita contra incendios forestais. Seguridade persoal. EPIs individuais.

Tema 4. O comportamento ante o lume das distintas especies vexetais nos montes de Muros.

Tema 5. Toponimia dos montes de Muros.

Tema 6. Ferramentas de limpeza forestal, tipos, usos e mantementos.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Tema 7. Os distritos forestais. Cadea de mando nos incendios forestais (só para capataces)

Tema 8. Mecánica do automóbil. Condución e uso de vehículos en pistas forestais e ante un incendio (só para peón condutor).

Muros 26 de maio de 2022

A Alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)



Concello de Muros

**ANEXO II**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO	DOCUMENTO			
<b>SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO</b>		<b>SOLICITUDE</b>			
<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
DATA DE NACEMENTO	DOMICILIO, RÚA, PRAZA E NÚMERO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CP	PAÍS	PROVINCIA	CONCELLO	PARROQUIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)					
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>					
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa representante					
<small>Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través da Sede Electrónica do Concello de Muros, <a href="http://muros.sedelectronica.gal">muros.sedelectronica.gal</a>. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico.</small>					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
<b>PROCESO SELECTIVO ACORDADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL</b>					
CONVOCATORIA					
<input type="text" value="BRIGADA DE INCENDIOS FORESTAIS, 2022"/>					
POSTO/S					
<input type="checkbox"/> CAPATAZ	<input type="checkbox"/> PEÓN CONDUCTOR	<input type="checkbox"/> PEÓN			
<b>DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA</b>					
<input type="checkbox"/>	Fotocopia cotexada DNI/NIF/Pasaporte/Outros				
<input type="checkbox"/>	Fotocopia cotexada da titulación esixida				
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa cotexada dos méritos achegados				
<input type="checkbox"/>	Documento acreditativo cotexado para exención do exame (CELGA que corresponda segundo as bases)				
<b>DECLARACION</b>					
1º Declaro que coñezo as bases, as acepto e que cumpro todos os requisitos establecidos no apartado 4 da convocatoria do proceso selectivo para o cal solicito a miña participación.					
2º Declaro baixo a miña responsabilidade que cumpro as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para a realización da proba práctica prevista nestas bases.					
3º Declaro baixo a miña responsabilidade que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndome a presentar os orixinais no caso de que lle sexan requiridos.					
<b>AUTORIZACION</b>					
Autorizo ao Concello de Muros do uso dos datos e da documentación presentada, así como a cesión da mesma aos organismos públicos que financia esta contratación.					
<b>IDIOMA DA/S PROBA/S</b>					
Solicito a/as proba/s en: <input type="radio"/> Galego <input type="radio"/> Español					
<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>					
Lugar e data					
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de <input type="text"/>	de <input type="text"/>	Número de páxinas <input type="text"/>



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)



Concello de Muros

**DECLARACIÓN DE SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO DE MUROS**

POSTO	DATA DE IIICIO	DATA DE FINALIZACIÓN	(%) PORCENTAXE DA XORIADA

Declaro que son certos todos os datos desta instancia.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE**

Lugar e data  ,  de  de